



Guía Docente				
Datos Identificativos				2020/21
Asignatura (*)	Planificación e xestión de destinos e produtos turísticos deportivos	Código	615524020	
Titulación	Mestrado Universitario en Planificación e Xestión de Destinos e Produtos Turísticos(plan 2016)			
Descriptorios				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Educación Física e Deportiva			
Coordinación		Correo electrónico		
Profesorado	Gambau i Pinasa, Vicente Gomez Varela, Joaquin	Correo electrónico	vicente.gambau@udc.es joaquin.gomez.varela@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>A asignatura Planificación e Gestión de Destino e Productos Turísticos Deportivo presenta o desenvolvemento cada vez máis consolidado de dúas actividades en actual emerxencia como son o turismo e o deporte. Ben sexa o turismo relacionado coa asistencia aos grandes eventos deportivos, o turismo para o de xeito complementario á práctica deportiva, o turismo que ten como complemento o deporte, ou de modo máis específico aquelas formas de turismo na natureza que se insertan no turismo rural, activo ou de aventura, este fenómeno trataráse cun enfoque xeral, pero ao mesmo tempo tratando de facilitar enfoques, competencias e ferramentas para comprender e levar a cabo proxectos integrados no turismo deportivo.</p> <p>Os contidos referidos ao turismo deportivos na natureza pretenden introducir ao coñecemento do conxunto de prácticas deportivas ou de aventura, que ten lugar en espazos naturais e que de maneira singular forma parte do que se coñece no noso país como Turismo Activo; de igual modo aproximan tamén ao coñecemento dos elementos fundamentais que afectan ou interveñen directamente na súa xestión, programación ou intervención directa como axentes promotores do turismo activo. Preséntase, deste xeito, a contextualización dun marco que facilita a súa aparición, desenvolvemento e configuración actual; os tipos de actividades que comprende e os motivos estudados para a participación nas mesmas; estatísticas relacionadas co turismo activo, así como a presenza destes deportes no medio natural; os profesionais e titulacións relacionadas con dirección en intervención cos usuarios ou clientes; as entidades a nivel autonómico e nacional que promocionan estas actividades; así como as normativas autonómicas relacionadas co turismo activo; para finalizar cos elementos de deseño e programación de actividades de turismo deportivo, considerando no seu desenvolvemento o emprego de normas e ferramentas específicas.</p>			



<b>Plan de continxencia</b>	<p>1. Modificacións nos contidos Non se modifican os contidos</p> <p>2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen Actividades Iniciais Sesión Maxistral Prácticas a través de TIC Solución de problemas Seminario Traballos de campo *Metodoloxías docentes que se modifican Saída de campo</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado Correo Electrónico: atención diaria Teams: Horarios de tutoría, a través de cita concertada</p> <p>4. Modificacines na avaliación Non se realizan modificacións  *Observacións de avaliación:</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Non se realizan modificacións</p>
-----------------------------	---

<b>Competencias / Resultados do título</b>	
<b>Código</b>	<b>Competencias / Resultados do título</b>
A1	CE1 - Que os estudantes coñezan os principios da planificación e a xestión sustentable
A2	CE3 - Aplicar sistemas de calidade e xestión social, ambiental e económica
A3	CE4 - Que os alumnos aprendan as técnicas de dirección de organizacións públicas e de empresas do sector turístico
A4	CE5 - Que os alumnos teñan coñecementos sobre a normativa que regula as actividades turísticas
A5	CE6 - Saber manexar o capital social, entendendo o destino turístico como sistema e relacionar axentes implicados no desenvolvemento do produto turístico
A6	CE8 - Planificar novos destinos e produtos turísticos
A11	CE2 - Diagnosticar necesidades e oportunidades e identificar as potencialidades e ameazas do turismo para o desenvolvemento integral das sociedades receptoras
A12	CE7 - Capacidade para interpretar os cambios sociais e como afectan as innovacións nos produtos e ao comportamento do consumidor
B2	CB7 - Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornas novas ou pouco coñecidas dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo
B7	CG2 - Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida
B8	CG3 - Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseada no coñecemento e orientadas ao ben común
B9	CG4 - Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras
B10	CG5 - Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse
C1	CT1 - Resolver problemas de forma efectiva
C4	CT4 - Traballar de forma colaborativa
C5	CT5 - Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional
C6	CT6 - Capacidade para interpretar, seleccionar e valorar conceptos adquiridos noutras disciplinas do ámbito turístico



## Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Saber planificar destinos, crear produtos e xestionar devanditos destinos e produtos turísticos baseados no deporte	AP1 AP2 AP3 AP4 AP5 AP6 AM2 AM3	BM2 BM7 BM8 BM9 BM10	CM1 CM4 CM5 CM6

## Contidos

Temas	Subtemas
Tema 1. Turismo Deportivo	1.1. A importancia de turismo deportivo no mundo 1.2. Distintos tipos de destinos de turismo deportivo. A súa planificación 1.3. A creación de distintos tipos de produtos turísticos baseados no deporte. 1.4. Os ciclos de vida de destinos e produtos turísticos baseados no deporte 1.5. A xestión de destinos e produtos turísticos deportivos para satisfacer ao turista e para o desenvolvemento integral das sociedades receptoras

## Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A8	1	0	1
Sesión maxistral	A1 A11 A2 A4 A12 A6 B2 B10 C1 C4 C6	14	28	42
Prácticas a través de TIC	C1 C4	2	4	6
Solución de problemas	B7 B8 C1 C5 C4 C6	3	0	3
Saídas de campo	B2 C4	5	0	5
Traballos tutelados	A11 A2 A6 B2 C4 C1	4	8	12
Atención personalizada		6	0	6

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

## Metodoloxías

Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Presentación da materia e dos profesores aos alumnos participantes. MODALIDADE PRESENCIAL: Levaráse a cabo unha sesión de presentación na aula asignada do profesorado e estudantes, e do programa da asignatura. De igual xeito plantearáse que os/as estudantes cubran un formulario sobre a súa experiencia relacionada cos contidos e actividades relacionadas MODALIDADE ON-LINE: Levaráse a cabo unha sesión virtual presencial a través da plataforma teams do profesorado, dos estudantes e do programa da asignatura. De igual xeito plantearáse que os/as estudantes cubran un formulario sobre a súa experiencia relacionada cos contidos e actividades relacionadas



Sesión maxistral	<p>A sesión maxistral comprenderá exposicións por parte do profesorado e dos estudantes acerca de tópicos, estudo de casos e contidos específicos. A participación nas sesións maxistráis conlevará a intervención e elaboración de resúmenes, mapas conceptuais e presentacións acerca do coñecemento tratado en cada una delas, co gallo de establecer un aprendizaxe significativo sobre o ámbito do turismo deportivo.</p> <p>MODALIDADE PRESENCIAL. Desenvolverase na aula presencialmente, ou en caso de confinamento a través da plataforma Teams.</p> <p>MODALIDADE ON-LINE. Consistirá na dispoñibilidade de contido audiovisual dispoñible en Moodle relacionado con cada un dos temas da asignatura, con acceso en calquer momento por parte dos/das estudantes.</p>
Prácticas a través de TIC	<p>Realización por parte dos alumnos das tarefas, test ou formularios dispostos en moodle, google form, office 365 sobre os contidos traballados nas sesións maxistrais.</p> <p>Neste caso tanto os estudantes da MODALIDADE PRESENCIAL, como MODALIDADE ON-LINE disporán destas tarefas indistintamente, polo seu carácter virtual e de desenvolvemento fora dos horarios presenciais establecidos.</p>
Solución de problemas	<p>Formulación dun contexto sociodemográfico determinado sobre o que haberá que realizar unha análise, diagnóstico e proposta de produto de turismo deportivo.</p> <p>MODALIDADE PRESENCIAL: Proposta de situacións-problema en sesións presenciais</p> <p>MODALIDADE ON-LINE: Propondrase no formato foro para discusión, aportación de datos, solucións, e propostas en grupo. Levaráse a cabo ben na plataforma moodle ou teams.</p>
Saídas de campo	<p>Actividades desenvolvidas nun contexto externo ao contorno académico universitario (empresas, institucións, organismos, monumentos, etc.) relacionadas co ámbito de estudo da materia. Estas actividades céntranse no desenvolvemento de capacidades relacionadas coa observación directa e sistemática, a recollida de información, o desenvolvemento de produtos (bosquexos, deseños, etc.), experimentación de actividades, etc.</p> <p>Levaráse a cabo só cos estudantes da MODALIDADE PRESENCIAL</p>
Traballos tutelados	<p>Elaboración dun proxecto de intervención a través de programa ou actividade de turismo deportivo baixo o seguemento e tutela dos profesores.</p> <p>O seu desenvolvemento será o mesmo tanto para a MODALIDADE PRESENCIAL, como A MODALIDADE ON-LINE</p>

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
<p>Solución de problemas</p> <p>Prácticas a través de TIC</p> <p>Traballos tutelados</p>	<p>Profesor Joaquín F. Gómez Varela: Atención persal por correo electrónico, tutorías concertadas a través de la plataforma TEAMS</p> <p>A atención personalizada levaráse a cabo do mesmo xeito tanto cos/cas estudantes da MODALIDADE PRESENCIAL que os/as da MODALIDADE ON-LINE</p> <p>En función de las suas posibilidades de asistencia y participación se acordará, por escrito, con los estudiantes de dedicación a tiempo parcial, un modelo alternativo de las diferentes actividades de desarrollo y evaluación de los diferentes temas y apartados de evaluación, atendiendo a un plantexamento de horas de dedicación equivalente a los estudiantes de matrícula a tiempo completo.</p>

### Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación



Sesión maxistral	A1 A11 A2 A4 A12 A6 B2 B10 C1 C4 C6	A participación nas diferentes sesións presenciais computará polo 40% do valor final da materia. MODALIDADE PRESENCIAL: Consideraranse para iso a realización de tarefas relacionadas cos contidos impartidos e xerados a partir do desenvolvemento das mesmas MODALIDADE ON-LINE: Consideraranse para iso a realización de tarefas e/ou formularios sobre os contidos incluídos nas diferentes presentacións correspondentes a cada tema.	40
Prácticas a través de TIC	C1 C4	Exporanse diferentes tipos de tarefas, test, formularios, etc, utilizando as plataformas moodle, microsoft 365 ou google, sobre os diferentes contidos do módulo.  Non existirán diferenzas neste caso entre a MODALIDADE PRESENCIAL e a MODALIDADE ON-LINE	20
Traballos tutelados	A11 A2 A6 B2 C4 C1	Consistirá na realización dun traballos tutelados sobre unha proposta relacionada cos contidos tratados e as competencias a alcanzar, a convir entre o profesor e o/a estudante.  Non existirán diferenzas neste caso entre a MODALIDADE PRESENCIAL e a MODALIDADE ON-LINE	40

Observacións avaliación



- Enténdese por participación nas actividades desenvolvidas nas sesións maxistras, e ao desenvolvemento en prazo e forma das tarefas que se prantexen en relación ós contidos relacionados coas sesións. No caso da opción presencial, o non cumprimento do 70% da asistencia pode implicar a non superación da asignatura, constando o estudante como "Non Presentado" na calificación final. Dita falta de participación pode inhabilitar igualmente para a superación da asignatura na segunda oportunidade ou sucesivas convocatorias, ata que esta se cumpla.

- Os estudantes da modalidade on-line disporán dunha documentación, referencias e tarifas equivalentes ao traballo levado a cabo polos estudantes presenciais, de xeito que o apartado de participación sexa igualmente computable a efectos de avaliación das sesións maxistras. nos apartados de prácticas a través de TIC e Traballo tutelado o desenvolvemento será a todos os efectos similar entre os dous grupos. Para o desenvolvemento de ditas tarefas recurrirase as plataformas Moodle ou Teams indistintamente.

- A elaboración dos traballos tutelados que atendan ao deseño e/ou desenvolvemento dun proxecto de turismo deportivo, terá como referencia as pautas desenvolvidas no discorrir da propia asignatura, e ademais as seguintes normas nos casos nos que sexa pertinente:

UNE-ISO 21500

UNE-ISO 21101

UNE-ISO/TR 21102 IN

UNE-ISO 21103

Consideraranse igualmente as normativas referidas ás empresas de turismo activo que correspondan, atendendo á comunidade autónoma o entorno administrativo no que se leve a cabo.

A calificación dos traballos distribuirase de maneira xeral, e sen prexudicio de unha maior precisión en función do traballo, en relación aos seguintes elementos e criterios:

Contextualización e fundamentación: 30%

Plantexamento e desenvolvemento (Inclusión e aplicación dos diferentes elementos e ferramentas adquiridas na materia): 60%

Aspectos formais (Normas APA, 6ª) e estruturais: 10%

Atendendo igualmente á normativa da UDC, calquer traballo que na súa totalidade ou en parte conteña contidos copiados de outros traballos publicados ou non publicados, de internet, etc. será considerado como suspenso.

En concordancia cos plantexamentos de sustentabilidade que está a promover a Universidade da Coruña, na medida do posible seguiranse as seguintes pautas:

1.- A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia:

1.1. Solicitarase en formato virtual e/ou soporte informático

1.2. Realizarase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos

1.3. De se realizar en papel:

- Non se empregarán plásticos.

- Realizaranse impresións a dobre cara.

- Empregarase papel reciclado.

- Evitarase a impresión de borradores.

2.- Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural

3.- Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais



Bibliografía básica

Referencias: AENOR. (2010). Norma UNE-ISO 31000:2010, Gestión del Riesgo. Principios y Directrices. In (Vol. UNE-ISO 31000:2010). Madrid: AENOR. AENOR. (2015a). Norma UNE-ISO 21101:2015 Turismo activo. Sistema de gestión de la seguridad. Requisitos. In (Vol. UNE-ISO 21101: 2015). Madrid: AENOR. AENOR. (2015b). Norma UNE-ISO 21103: 2015, Turismo Activo. Información para los participantes. In (Vol. UNE-ISO 21103: 2015). Madrid: AENOR. Arroyo, S. (2012). Montaña segura: Consejos sobre prevención y autosocorro (1ª ed.): Desnivel. Aspas, J. M. (2000). Los deportes de aventura. Consideraciones jurídicas sobre el turismo activo (Vol. 7). Zaragoza: Prames. Avellanas, M. L. (2009). Atención al Accidentado en el medio natural. Guía de urgencias: Edikamed. Ayora, A. (2012). Riesgo y Liderazgo. Cómo organizar y guiar actividades en el medio natural (1ª ed.). Madrid: Desnivel. Berghaenel, R. P. (2008). Accidentes en montaña y condiciones meteorológicas. Madrid: Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino. Betrán, A. O., & Betrán, J. O. (1999). Las actividades físicas de aventura en la naturaleza. Estudio de la oferta y la demanda en el sector empresarial. Apuntes: Educación Física y Deportes, (57), 86-94. Retrieved from <http://www.revista-apuntes.com/es/hemeroteca?article=602> Bonnet Escuela, M., Wehbe-Herrera, C. D., & Lobo Rodrigo, Á. (2019). ANALYSIS OF THE REGULATION OF ACTIVE TOURISM IN SPAIN. Revista de Estudios Empresariales. Segunda Época, 0(2). <https://doi.org/10.17561/ree.v2018n2.2> Cánepa, L., & Encabo, M. (2013). Montañismo en áreas naturales protegidas. Colorado, J. (2001). Montañismo y trekking. Manual completo. Madrid: Desnivel. Corbellini, G. (2002). Guía de orientación : [el mapa - la brújula - el cielo - el GPS] / Giancarlo Corbellini ; revisión y adaptación, Eusebio García Gómez ; información astronómica de Enrico Miotto (5ª ed. ed.). Madrid :: Tutor. Cunningham, A., & Fyffe, A. (2007). Montañismo invernal. Técnicas básicas para excursiones y alpinistas. Madrid: Desnivel. Deery, M., Jago, L., & Fredline, L. (2004). Sport tourism or event tourism: Are they one and the same? Journal of Sport and Tourism, 9(3), 235-245. <https://doi.org/10.1080/1477508042000320250> Escuela española de alta, m. (2001). Certificado de iniciación al montañismo : texto oficial del primer nivel de enseñanza de la escuela española de alta montaña. Huesca: Barrabés. Fernández Díaz, R. La protección de espacios naturales : las fragas del Eume / Rogelio Fernández Díaz. Fernández Pardo, A. Propuesta de Plan de Uso Público para el Parque Natural "Fragas do Eume" (A Coruña). García Gómez, E. (2000). Orientación Desde el mapa y la brújula hasta el GPS y las carreras de orientación. Madrid :: Desnivel. Inglés Yuba, E., & Seguí Urbaneja, J. (2017). Estudio comparativo del ordenamiento jurídico del turismo activo y las actividades deportivas en el medio natural en la España de las comunidades autónomas. Acciones e Investigaciones Sociales, 31(31), 159. [https://doi.org/10.26754/ojs\\_ais/ais.201231632](https://doi.org/10.26754/ojs_ais/ais.201231632) Instituto de Turismo de España. (2010). Estudios de Productos Turísticos. Turismo de Montaña. In I. d. T. d. España (Ed.). Jimenez, I. (2015). La configuración jurídica del deporte en el medio natural. Relaciones con el turismo, el desarrollo sostenible y la ordenación del territorio. Madrid: Editorial Reus. Llamazares, J. L. (2004). Derechos y obligaciones en el esquí y en la montaña. Oviedo: Septem Ediciones. López, A. (2012). Responsabilidad y montaña. Reflexiones jurídicas para deportistas y profesionales. A Coruña: Campo IV Alpinismo S.L. Medialvilla, L., & Villota, S. (2012). Percepción de los riesgos y las causas de los accidentes en el medio natural por parte de deportistas, gestores, grupos de rescate y visitantes. Acciones e Investigaciones Sociales(31), 39-61. Medialvilla Saldaña, L., Gómez Encinas, V., Sánchez Burón, A., & Villota Valverde, S. (2014). Profile of adventure tourism companies in Spain, Italy and Costa Rica. Journal of Sport and Health Research, 6(2), 177-190. Retrieved from [http://www.journalshr.com/papers/Vol\\_6\\_N\\_2/V06\\_2\\_7.pdf](http://www.journalshr.com/papers/Vol_6_N_2/V06_2_7.pdf) Murcia, M. (2016). Manual de escalada libre. Deportiva. Madrid: Desnivel. Nasarre, J. M., Hidalgo, G. M., & Bernard, P. L. (2001). La vertiente jurídica del montañismo. Zaragoza: Prames. Patiño Romarís, C. A., & Lois González, R. C. (2016). El producto turístico de naturaleza en el litoral gallego como instrumento de sostenibilidad ambiental. Monografies de La Societat d'Historia Natural de Les Balears, 2016-Janua(23), 345-355. Retrieved from [http://ibdigital.uib.es/greenstone/collect/monografiesHistoriaNatural/index/assoc/MonografiesSHNB\\_/2016vol0/23p345.dir/MonografiesSHNB\\_2016vol023p345.pdf](http://ibdigital.uib.es/greenstone/collect/monografiesHistoriaNatural/index/assoc/MonografiesSHNB_/2016vol0/23p345.dir/MonografiesSHNB_2016vol023p345.pdf) Perarnau, S., Subirats, E., & Riu, F. (2007). Curas, Vendajes e inmovilizaciones en montaña (1ª ed.): Desnivel. Rivera Mateos, M. (2016). Paisaje, patrimonio y turismo de surf: factores de atracción y motivación en el Parque Natural del Estrecho, España. Cuadernos de Turismo, (37), 351. <https://doi.org/10.6018/turismo.37.256271> Rivera, M. (2010). Turismo activo en la naturaleza y espacio de ocio en Andalucía: Aspectos territoriales, políticas públicas y estrategias de planificación. Universidad de Córdoba. Junta de Andalucía. Retrieved from <https://helvia.uco.es/xmlui/handle/10396/14269> Subirats, E. (2011). Primeros auxilios en montaña. Madrid: Desnivel. Taibo, M. (2017). Prevención de Riesgos para Colectivos en Montaña (J. A. Castaño Ed. 1ª



ed.). Principado de Asturias: Ediciones Cordillera Cantábrica. The Mountaineers. (2011). Montañismo. La libertad de las cimas. Madrid: Ediciones Desnivel Enlaces

Web:<http://www.PGW.com>/<http://www.SanAndrews>/<http://www.Atlanta/> [www.iusport.es](http://www.iusport.es)- [www.munideporte.com](http://www.munideporte.com)-  
[www.csd.gob.es](http://www.csd.gob.es)- [www.colegalicia.com](http://www.colegalicia.com)- [www.fagde.org](http://www.fagde.org)- [www.agaxede.org](http://www.agaxede.org)- [www.deporte.xunta.es](http://www.deporte.xunta.es)- [www.aedd.es](http://www.aedd.es)-  
[www.noticiasjuridicas.com](http://www.noticiasjuridicas.com)





Bibliografía complementaria	
-----------------------------	--

Recomendacións
----------------

Materias que se recomenda ter cursado previamente
---

Materias que se recomenda cursar simultaneamente
--

Materias que continúan o temario
----------------------------------

Observacións
--------------

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías